



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 14 DE XANEIRO DO 2010

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. IRENE AGUIAR LALE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

GRUPO P.P.

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO

Concelleiro do PP

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR

Concelleiro

D. JOSÉ VICENTE VICENTE

Concelleiro

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ

Concelleira

GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE

Primeira Tenente de Alcalde
DNA. ISABEL RUIZ FERRO
Concelleiro
D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO
Concelleiro.

CONCELLEIROS NON ADSCRITOS

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS
Concelleiro
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ
Concelleiro

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

Na Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día catorce de xaneiro de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José A. Dono López, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O DÍA 3 DE DECEMBRO DE 2009
2º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL RELATIVO Á GARDERÍA MUNICIPAL E O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.
3º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL SOBRE A CONSTITUCIÓN DA MESA LOCAL DE VIOLENCIA DE XÉNERO.
4º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL SOBRE SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DE CENTRO DE ATENCIÓN TEMPERÁ.

B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-

5º.-	DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO MES DE NOVEMBRO DE 2009.
6º.-	ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O 3 DE DECEMBRO DE 2009. Con respecto á acta do Pleno celebrado o día 3 de decembro de 2010, detectáronse os seguintes erros materiais, que se sometén para a súa corrección:

- Punto 3º. As dúas intervencións do Sr. Otero Espiño, onde se lle fai referencia como Concelleiro do BNG, debe poñerse PS de G-PSOE.
- Punto de rogos e preguntas. A décimo oitava intervención, que comeza con estas palabras: “Que non lle vexa sentido ou necesidade, non quere dicir [...]”. Figura como intervención do Sr. Alcalde, cando debe figurar como intervención do Sr. López Campos.
- O levantamento da sesión, non tivo lugar ás vinte horas e quince minutos, senón ás vinte e dúas horas e quince minutos.

Conformes todos os Concelleiros coa redacción da acta despois de incluídas estas correccións, así como co seu contido, apróbase por unanimidade a acta da sesión do tres de decembro de 2009. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL RELATIVO Á GARDERÍA MUNICIPAL E O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR. O secretario pon de manifesto que obra no expediente o ditame da Comisión de Benestar Social celebrada o 07.01.10.

Sra. Goldar Soto, do PP: *Ben, boa noite, nós queremos reiterar o voto que xa emitimos na comisión de Servizos Sociais, no sentido de que o Grupo Municipal do PP vaise abster e vaise abster, queremos matizar por que motivos. Entendemos que, independentemente de que pode ser unha xestión ou trámite que en principio resulta interesante ver, o que si que non compartimos é un pouco as formas, e nese sentido por iso nos abstemos. Vai no seguinte senso; a adxudicación a Frades, que é a sociedade cooperativa que está facendo esta xestión na gardería, independentemente que entendo que todos os cidadáns e os veciños e veciñas da Estrada están contentos co servizo prestado, á parte de ser un servizo moi interesante no Concello, pola proximidade dos nenos e nenos moi pequenos que teñen neste entorno, eu entendo que se debería antes poñer unha proposta, aínda que se dixo que isto era só unha solicitude, que o Consorcio ao parecer quería preceptivamente, antes de poñerse a estudar o asunto. Non podemos votar a favor neste senso ata que se teña un estudo máis pormenorizado das condicións nas que se faría esa asunción das funcións por parte do Consorcio, que vai pasar co persoal, que vai ocorrer e en que condicións se vai facer esta transferencia, entón por iso queremos xustificar o sentido do noso voto de abstención, e reiterar que nós entendemos que aínda que sexa unha proposta tal e como está redactado que o Concello solicita ao Consorcio que asuma a xestión da Escola Infantil Municipal. Parécenos neste sentido aventurado. Grazas.*

Sr. Reboredo Baños: *Ben, nós imos cambiar o sentido do voto. Tamén nos mesmos termos, imos agardar a ter información máis puntual sobre a situación en que se vai producir a transferencia; cremos que no expediente debería haber máis información dos contactos previos que se teñen na consellería e as liñas nas que o Consorcio estaría disposto a iniciar o trámite para ver as condicións, e polo tanto imos agardar que o expediente se inicie para posicionarnos sobre o tema.*

Non habendo máis intervencións, a Corporación Municipal, examinado o ditame aprobado pola Comisión Informativa de Benestar Social celebrada o 07.01.10, adoptou o seguinte ACORDO, cos votos a favor dos Sres. Concelleiros do PS de G-PSOE e do BNG, e coas abstencións dos Sres. Concelleiros do Grupo Popular e dos Sres. Reboredo Baños e Torres Álvarez:

-Visto que a Escola Infantil Municipal cumpre unha función eminentemente educativa e social, proporcionando aos seus usuarios unha atención integral sen distinción de raza, sexo ou condición social, a través dun programa global que garante o pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral dos nenos e nenas.

-Visto que facer fronte a este servizo supónlle ao concello un gran esforzo económico, que por outra banda está disposto a asumir considerando que é un servizo imprescindible para este concello, tendo en conta que está dando cobertura a máis de 150 familias estradenses.

-Visto que en días pasados levouse a cabo unha reunión coa persoa responsable do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Tendo en conta as conclusións da devandita reunión, considerase que son motivo suficientes, sobre todo no que se refire á parte económica, para a adhesión do Concello da Estrada ao Consorcio. De levarse a cabo, entre outras vantaxe podería supor un aforro para as arcas municipais. (O Consorcio podería chegar a aportar un 70% do gasto total).

-Visto o informe emitido pola directora da EIM.

ACORDAMOS:

Manifesta-la vontade do Concello da Estrada, e consecuentemente solicitar do Consorcio, que sexa asumida a xestión da EIM, por parte do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, sempre trala tramitación do correspondente expediente e a súa aprobación, de ser oportuna, polo órgano municipal competente.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL SOBRE A CONSTITUCIÓN DA MESA LOCAL DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

Sr. Alcalde: *Antes de dar a palabra aos grupos, quería presentar unha emenda, e creo que se lle presentou a todos os grupos un informe da directora do CIM e nese sentido vai a alegación. Quedaría así:*

Punto 2º

A Composición da Mesa será a que deseguido se relaciona, sen prexuízo de que unha vez constituída a Mesa e celebradas as súas primeiras sesións, poda estudarse a conveniencia da inclusión de novos membros na súa composición:

- *Alcalde ou persoa en quen delegue*
- *Concelleira de Igualdade, ou persoa en quen delegue*
- *Concelleiro de Seguridade Cidadá, ou persoa en quen delegue*
- *Psicóloga do CIM*
- *Avogada do CIM*
- *Xefe da Policía Local de A Estrada, ou persoa en quen delegue*
- *Unha representante dos Servizos Sociais do Concello*
- *Unha representante da Subdelegación do Goberno (Xefa da “Unidade contra a Violencia sobre a Muller”)*
- *Representación dos Corpos de Seguridade do Estado*
- *Secretario Xeral do Concello, ou persoa en quen delegue*

Polo tanto, propoñemos que se aprrobe esta emenda antes da votación do ditame da Comisión.

Sr. Reboredo Baños: *Ben, sorpréndenos ese ditame, e a súa presentación no Pleno, por ter sido debatido suficientemente en Comisión, polo que eu fixen unha proposta para enriquecer aínda máis esa mesa, e xa observamos alí unha discrepancia entre o Grupo*

de Goberno; o Partido Socialista xa aceptaba a nosa emenda, pero o socio de goberno xa mantiña a súa discrepancia e incluso chegando a dicir que non ía ser operativa, porque claro, agora a oposición tiña tantos membros, pois ía ser inoperativa. Creo que a nosa proposta era razoable, porque a mesa necesitaba unha composición máis ampla, e para atallar situacións que creo que son interesantes para toda a cidadanía. En todo caso, dicía a voceira do BNG que ía ser moi complicado poñer de acordo á oposición para nomear representantes e nós diciámoslle que evidentemente propoñíamos que a oposición tivese un único representante e que fosen os grupos da oposición os que designasen ese representante. Entón esa volta atrás, e unha cousa é gobernar e outra estar na oposición, e a señora do BNG onde antes dicía unha cousa agora di outra. Nós polo tanto imos votar en contra da emenda e en contra do ditame da comisión.

Dona Raquel López Doce: Ben, diante das manifestacións ou alusións directas que fixo o Sr. Reboredo, pois non queda máis remedio que aclarar a cuestión. Eu creo que efectivamente, vostede non falta á verdade cando di que vostede propuxo na comisión representantes, que naquel momento cando fixo a exposición inicial da oposición non matizou, dada a situación dos concelleiros non adscritos, a miña dúbida era que pretendía que estivesen o Sr. Torres, vostede e un representante do PP; vostede aclarou que se trataría dun representante, eu simplemente aclarei as dúbidas que se puidesen dar desa elección, pero vostede sabe que eu votei a favor dese ditame; sabe ademais que eu mesma propuxen que formasen parte da mesa, outras dúas figuras, un representante do centro de saúde e un representante dos xulgados número un e dous do concello. E sabe vostede que a emenda que se presenta agora mesmo para aprobación, non obedece a ningunha proposta de ningún dos grupos políticos municipais, senón a un informe da técnico responsable, que pon de manifesto que non procede a inclusión de máis membros cós indicados inicialmente pola Subdelegación do Goberno. Entón pois parece que ten gana de falar. Non ten nada que ver o BNG coa proposta de emenda e é simplemente unha cuestión técnica, creo que non enriquece nada o debate, pero ben, simplemente quería, dadas as súas alusións e que podía quedar un pouquiño desdebuxado o que sucedeu na comisión, pareceume conveniente aclaralo.

Sr. Alcalde: Ben, eu quería aclarar que esas manifestacións que fai o Sr Reboredo non teñen nada que ver coa realidade, e de feito hai un informe neste sentido, e punto e final. Nós non temos ningún inconveniente en que estea xulgado, oposición etc. Absolutamente ningún, nin pretendemos abrir polémica ningunha. Ademais se esa comisión decide posteriormente que estean eses representantes non temos nada en contra, en absoluto, simplemente nos atemos ao informe que se fixo unha vez que se leu a acta, non hai máis misterios nin hai máis cousas escondidas.

Sr. Reboredo Baños: Ben, a min paréceme ben que lle faga tanto caso aos informes técnicos, pero a todos os informes técnicos, pero ás veces utilízanse os informes na medida en que cada un quere. Agora, que debían ter cabida eses tres representantes na comisión, e legalmente non hai nada que o impida. Nós queremos manifestar o noso malestar dalgún xeito, por non dársenos participación, pero xa dicimos que non nos sorprende por ser o “modus operandi” do Goberno.

Sra. Goldar Soto, do PP: Por parte do Grupo Municipal do PP, ante a emenda que se fai, xustificada no informe do técnico responsable, queríamos aclarar dúas cousas. Nós non temos o informe do técnico responsable posterior, non se nos deu polo menos a esta concelleira, coido que ao voceiro do Grupo Municipal do PP non se lle deu traslado do posterior informe ata agora. É a primeira nova que temos neste senso; agora neste momento, teremos que estudar este informe que en todo caso é un informe explicativo, e simplemente é un informe que non ten carácter preceptivo nin vinculante, nin como se dicía por parte do concelleiro Sr. Reboredo Baños, fai ningunha alusión de que exista impedimento legal ou prohibición xurídica nestes termos, polo que en principio imos votar en contra desta emenda por falta de información, pois descoñecemos en que criterio se basea a directora psicóloga do CIM para emitir o informe, pois que se estude e se poida ver ou analizar as consecuencias xurídicas e prácticas desa toma de decisión.

Finalmente, procédese á votación da EMENDA ao ditame da Comisión de Benestar Social, proposta pola Concelleira de Servizos Sociais. A emenda introduciuse cos votos a favor dos Sres. Concelleiros do PS de G-PSOE e do BNG, e cos votos en contra dos Sres. Concelleiros do grupo popular e dos Sres. Reboredo Baños e Torres Álvarez. Consiste a emenda na substitución do punto 2º do ditame polo que a continuación se dirá:

2º.- A Composición da Mesa será a que deseguido se relaciona, sen prexuízo de que unha vez constituída a Mesa e celebradas as súas primeiras sesións, poda estudarse a conveniencia da inclusión de novos membros na súa composición:

Alcalde ou persoa en quen delegue
Concelleira de Igualdade, ou persoa en quen delegue
Concelleiro de Seguridade Cidadá, ou persoa en quen delegue
Psicóloga do CIM
Avogada do CIM
Xefe da Policía Local de A Estrada, ou persoa en quen delegue
Unha representante dos Servizos Sociais do Concello
Unha representante da Subdelegación do Goberno (Xefa da “Unidade contra a Violencia sobre a muller”)
Representación dos Corpos de Seguridade do Estado
Secretario Xeral do Concello, ou persoa en quen delegue

Por último, e despois de introducida a mencionada emenda, adoptouse o seguinte ACORDO, cos votos a favor dos Sres. Concelleiros do PS de G-PSOE e do BNG, e cos votos en contra dos Sres. Concelleiros do grupo popular e dos Sres. Reboredo Baños e Torres Álvarez:

-Vista a invitación realizada pola responsable da “Unidade contra a Violencia sobre a Muller”, da Subdelegación Provincial do Goberno, a Sra. Muradas Arca, no sentido de que se cree a Mesa Local de Violencia de Xénero.

-Visto o compromiso expresado polo Sr. Alcalde-Presidente de proceder ao estudio previo a súa posta en funcionamento.

-Visto o Informe Explicativo da Directora do Centro de Información as Mulleres.

ACORDAMOS

1º.-A Constitución da Mesa Local de Violencia de xénero, que terá os seguintes obxectivos:

a) .-A coordinación entre os diferentes Corpos e Forzas de Seguridade do Estado e Policía Local, en conxunto coa Concellaría e o resto de servizos municipais que prestan atención e asistencia as mulleres vítimas de violencia de xénero, para actuar nunha mesma liña.

b).-Así como o proxecto, si se considera conveniente polos membros da mesma, de elaborar un protocolo de actuación fronte a violencia de xénero, que coñezan e apliquen os servizos municipais no seu conxunto; o intercambio de información estatística sobre o número de mulleres vítimas de violencia de xénero atendidas ou realizar proxectos conxuntos de prevención de este tipo de violencia.

2º.- A Composición da Mesa será a que deseguido se relaciona, sen prexuízo de que unha vez constituída a Mesa e celebradas as súas primeiras sesións, poda estudarse a conveniencia da inclusión de novos membros na súa composición:

- Alcalde ou persoa en quen delegue
- Concelleira de Igualdade, ou persoa en quen delegue
- Concelleiro de Seguridade Cidadá, ou persoa en quen delegue

- Psicóloga do CIM
- Avogada do CIM
- Xefe da Policía Local de A Estrada, ou persoa en quen delegue
- Unha representante dos Servizos Sociais do Concello
- Unha representante da Subdelegación do Goberno (Xefa da "Unidade contra a Violencia sobre a muller")
- Representación dos Corpos de Seguridade do Estado
- Secretario Xeral do Concello, ou persoa en quen delegue

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL SOBRE SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DE CENTRO DE ATENCIÓN TEMPERÁ. O secretario pon de manifesto que obra no expediente o ditame aprobado por unanimidade pola Comisión de Benestar Social celebrada o 07.01.10.

Sra. Goldar Soto, do PP: *Ben, por unha iniciativa do Grupo Municipal do PP, que tan só o que fixo foi trasladar unha petición, queremos dicilo, da asociación APADIF que presentou a través de Rexistro, o que pasa é que non deu tempo a que se trasladase aos correspondentes servizos, entendemos, a que por parte do Concello da Estrada se tomase novamente coñecemento desta iniciativa da asociación, de tomar constancia desta solicitude dunha Unidade de Atención Temperá, xa que son 23 familias afectadas, e tamén pedían que consonte ás directrices que se marquen polo organismo autónomo competente, se confeccionase un proxecto para o acondicionamento do local, comentando estas obras con cargo ao Plan FEIL. Na comisión finalmente o que se acordou foi instar novamente á Xunta e tamén manifestar a posibilidade por parte do Concello da cesión dun local, sempre e cando se soubesen con anterioridade as características deste centro. En calquera caso, o noso voto non pode ser máis que a favor do ditame da comisión, felicitándonos a todos por, despois dun acalorado debate, lograr chegar a un acordo nos termos da redacción. En calquera caso, seguir peticionando e poñendo sobre a mesa esta petición da asociación, pois se ben chegamos na comisión a outra petición distinta para lograr unha unanimidade, a asociación segue pedindo o que segue pedindo e non son quen eu, nin coido que ninguén, de suplir a vontade desta asociación.*

Sr. Alcalde: *Moi ben, evidentemente de parte do Goberno estamos de acordo con esta moción, por iso a apoiamos, e ademais teño que dicirlle que estamos elaborando xa o proxecto do Obradoiro de Emprego A Estrada VIII para A Estrada, e dentro dese proxecto metemos o Proxecto de Rehabilitación de Edificio Histórico para Centro de Atención Temperá. Estase elaborando isto na UPD de Vigo nestes momentos e cando estea listo, poñerémonos en marcha.*

Non habendo máis intervencións a Corporación Municipal, examinado o ditame aprobado pola Comisión Informativa de Benestar Social celebrada o 07.01.10, adoptou por unanimidade o seguinte ACORDO:

-Solicitar da Xunta de Galicia (Secretaría Xeral de Igualdade) a creación dunha Unidade de Atención Temperá, manifestando o Concello a dispoñibilidade de cesión dun local, unha vez a Consellería competente comunique as características que ese local ten que reunir.

B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-

5º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO MES DE NOVIEMBRE DE 2009. Polo Alcalde-Presidente dáse conta ao Concello Pleno das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 1318 e 1477 correspondentes aos meses de novembro de 2009.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS:

Sr. Reboredo: *De Figueroa, solicitouse por parte dun pai usuario do servizo a delimitación dunha praza de aparcamento para discapacitados e non tivemos resposta, polo que queremos saber en que estado está.*

Sr. Alcalde: *Contestarémolle por escrito, porque o descoñezo neste momento.*

Sr. Sanmartín Obelleiro do PSdeG - PSOE: *Urxireilles que o fagan canto antes.*

Sra. Goldar Soto, do PP: *Que quero preguntar se é que se fixo algunha xestión para ese vertedoiro incontrolado que se fixo en Ribeira de Abaixo, se foran por alí, se saben algo, se fixeron algunha pesquisa, etc.*

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: *Está censado e na próxima semana acometerase a recollida de todos os vertedoiros que temos capacidade para facelo.*

Sra. Goldar Soto, do PP: *Ben, esta é unha pregunta para ver se se fixo algunha actuación ao abeiro da Resolución do 13 de novembro de 2009 da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se publicou unha subvención concedida a entidades municipais para a implantación e desenvolvemento de bancos municipais de tempo, plans de implantación de tempo da cidade, plans de conciliación local e outras medidas municipais de conciliación; ben, as medidas que se tomaron, se se fixo algunha actuación ou se ten pensado facer.*

Sr. Alcalde: *Contestarémolle por escrito.*

Sra. Goldar Soto, do PP: *Hai outra pregunta polas actuacións levadas a cabo ou programas a desenvolver ao abeiro do Orde do 11.11.09 destinada á concesión de subvención para os programas de escolas obradoiros e casas de oficios; algunha xa me imaxino que é esta como a que acaba de anunciar e que acolle particularmente esta concelleira con agrado do tema do Obradoiro, pero queriamos saber precisamente que actuacións foron levadas a cabo.*

Sr. Alcalde: *No obradoiro actual ou no Obradoiro futuro?*

Sra. Goldar Soto, do PP: *No Obradoiro futuro, é a Orde do 11.11.09.*

Sr. Alcalde: *No obradoiro que se vai solicitar durante o ano 2010. Pois imos solicitar un obradoiro que baseándonos nas prioridades recomendadas pola UPD, imos solicitar cuestións de servizos sociais, porque entendemos ou enténdese dende a UPD que son postos de emprego prioritarios na Estrada, entón imos solicitar un Obradoiro para Axuda no Fogar e imos solicitar a realización, como dicía antes, a realización do edificio este, para se a Consellería nos solicita o local, poder destinalo a atención temperá como dicíamos antes.*

Sra. Goldar Soto, do PP: *Ben, tamén quería outra pregunta, ante a nova e polo interese desta concelleira xa que é da parroquia de Guimarei, ante o accidente que houbo nestes días na rampa que sobe á igrexa. É se ten pensado o Concello, e ata onde un ten coñecemento, sen prexuízo de erro ou omisión que ese terreo é unha masa común que aínda non foi transferida aos veciños, co que aínda non é de titularidade, aínda ostenta salvo erro, pois esta é toda a información da que dispoño, e en todo caso e independentemente diso, se teñen pensado, xa que pasou unha vez, facer algunha actuación ou poñer algún tipo de valado, quitamedos, un pouco máis seguro para que non volva acontecer. É entre unha pregunta e un rogo que se se pode que se estude isto. Como xa pasou unha vez, pois polo menos o impacto ao mellor, se se ten outra medida de seguridade...*

Sr. Alcalde: *Estudárase, pero creo que ese accidente é sempre achacable a causas que non teñen nada que ver coa seguridade da zona, senón que desgrazadamente, un despiste un erro..., pero ben, estudaremos a posibilidade, dirémoslle á Policía Local que elabore un informe sobre se ven a posibilidade de facer outro tipo de actuacións.*

Sra. Goldar Soto, do PP: *Tamén queríamos preguntar polas actividades de apoio e educación familiar subvencionadas pola Consellería de Traballo por importe de 17.950,17 €.*

Sr. Alcalde: *Contestarémoslle por escrito.*

Sra. Goldar Soto, do PP: *Tamén quería seguir pedindo o tema do contedor de vidro para o lugar de Campos, tendo en conta que xa falamos que se adquiriran eses contedores que falamos no anterior Pleno. Home a ver na Xunta de Goberno Local de data 28.12.09 procedeuse á adxudicación de 28 papeleiras e papeleiras cinceiro por importe de 14.600 €, que fan falta, que non digo que non, pero digo eu, se podemos adxudicar por 14.600 € para as papeleiras e papeleiras cinceiro, entendo que podemos facer un esforzo para o lugar de Campos. É outro novo rogo e reiterado neste sentido.*

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: *Home, está visto que a técnica do sacristán por teimar e por teimar non sempre ten que dar resultado. Hai 51 parroquias neste Concello que están teimando por colectores de vidro. Evidentemente os colectores de vidro roldan os dous mil euros cada un, e non é competencia deste Concello colocar eses colectores; a xestión lévaa Ecovidrio e hai as prioridades que marca Ecovidrio, que é onde se xenera vidro, e a condición “sine qua non” para que poidan traballar e os recollan é que estea ubicado onde haxa establecementos de hostalería. Polo tanto, se temos 51 parroquias e a cada núcleo de poboación lle imos colocar un colector de vidro, non se rentabiliza a cantidade que custa poñer o colector; poderíamos contribuír a que se tirasen menos botellas de vidro por aí, pero necesitaríamos 480 colectores. Dende logo, nas capacidades que ten neste momento este Concello, ten que entender que non estamos nas condicións económicas nin sequera de levantamento de atención a eses colectores para poder atender esas demandas.*

Sra. Goldar Soto, do PP: *Rogo que independentemente que se nos sometemos ao estudo que Ecovidrio faga das demandas, polo menos que vaia alí e estude as demandas, porque precisamente nese lugar tamén hai dúas tabernas que tamén xeneran vidro; non son grandes establecementos hoteleiros pero tampouco penso que haxa nos lugares establecementos hoteleiros que non sexan casas de turismo rural que poden estar concentradas nun determinado lugar, e aí estaría plenamente xustificado. Non ten que darse nin dicirse que hai que poñer 480. Haberá que poñer os que faga falta poñer, pero alí hai dúas tabernas.*

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: *Quero dicir con isto que neste momento non temos ningún colector de vidro para ubicar, e hai demandas importantes, incluso non temos para repoñer naqueles sitios de alta produtividade ou de alta resposta dos cidadáns a depositar o vidro; non temos un triste colector de vidro para repoñer ningún dos avariados. Polo tanto a petición está feita, por reiterada e saciada e no momento que se lle poida dar resposta satisfactoria, daráselle.*

Sra. Maïssa Rodrigo, do PP: *Un rogo, despois das inundacións que acaban de darse na rúa da Cultura, debe procederse a reparar canto antes os desperfectos. Non digo que sexa como o que ocorreu en Guimarei co accidente, pero está realmente en mal estado. Entón o rogo que facemos neste momento é a reposición dos danos producidos polas inundacións, así como a colocación de barreiras axeitadas no bordo das beirarrúas que limitan nun plano inferior ás mesmas, para minimizar o perigo de caída de persoas. E rogamos tamén que esas beirarrúas non só sexan o tramo que está desfêito, senón que sigan por todo o longo da rúa, pois o perigo está sendo grave.*

Sra. Maïssa Rodrigo, do PP: *Por outra parte, queríamos facer o rogo reiterado de que as actas se envíen por correo electrónico aos concelleiros. Xa están na web, pero queríamos ter*

as actas. E mentres non se aproben as actas dos plenos, que non se puxesen na páxina web. Está nestes momentos posta a do día 3 de decembro e acabamos neste momento de aprobala. Pois se non, o Sr. Otero Espiño aparece no BNG, e outras cousas que pasan.

Non habendo máis intervencións levántase a sesión ás vinte e unha horas e trinta e cinco minutos

A Estrada, 14 de xaneiro de 2010
O secretario

Asdo.: José Naveira González